

1983-2003



20 nova
escola
galega
20 anos
facendo escola


NA PROCURA DA RENOVACIÓN PEDAGÓXICA
MEMORIA 1993 - 2003

**NA PROCURA DA RENOVACIÓN PEDAGÓXICA
MEMORIA 1993 - 2003**

Edita: Nova Escola Galega
D. L. G. C-2585-2003
Imprime: Tórculo Artes Gráficas S.A.

INDICE

1. Un Movemento de Renovación Pedagóxica	3
2. Obxectivos e finalidades	5
3. Sinais de identidade da Escola Pública	5
4. Vida e identidade organizativa	6
5. Un espacio para a reflexión, o debate e a elaboración documental	7
a) “Nova Escola Galega” opina	7
b) Outras declaracións e posicións públicas	8
c) Documentos de traballo	8
6. Grandes liñas de actuación	8
6.1. En defensa do ensino público	8
6.2. A galeguización do ensino	9
6.3. Arredor da Reforma Educativa	9
6.4. Escolas de Verán, Xornadas e Encontros	9
6.5. A educación para a paz: aprender a convivir.	10
6.6. Pedagogía da Imaxe	11
6.7. Orientación e diversidade na escola democrática	12
6.8. En defensa da escola no medio rural	12
7. Os grupos de traballo	13
7.1. Pedagogía e didáctica da educación infantil.	14
8. Publicacións	14
9. Relacións externas	15
9.1. Nova Escola Galega e outros MRPs de Galiza	15
9.2. Nova Escola Galega e a Confederación Estatal de MRPs . Presencia internacional.	15
9.3. Nova Escola Galega e outras organizacións de Galiza.	16
9.4. A participación institucional	16
10. Iniciativas singulares (1993-2003).	17
11. Unha organización que se renova.	18
11.1. O Secretariado Galego	18
11.2. Socios de honra.	19
Manifestos. 1983-2003: 20 anos facendo escola	21



ÍNDICE DA MEMORIA 1983-1993

Crónica de nós	5
O modelo de Escola Pública	23
Ante a reforma educativa	35
Normalización e galeguización do ensino	51
A formación do profesorado	71
A territorialización do ensino	77
A participación social na educación	83
O tempo escolar	87
A escola rural en Galicia	95
Educación nos valores da paz	101
A educación infantil	109
O contexto ambiental da educación	111
Unha pedagogía da imaxe	115
A educación dos adultos	117
Publicacións periódicas	121
Revista galega de Educación	125
Que florezan cen escolas novas	141



UN MOVIMIENTO DE RENOVACIÓN PEDAGÓGICA

Co nome de NOVA ESCOLA GALEGA nacía, o 11 de Xuño de 1983 en Santiago de Compostela un movemento asociativo de base, coa finalidade xeral de impulsar o traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galiza, por medio da agrupación e cooperación de todos aqueles ensinantes galegos de calquera nivel educativo e de todas as persoas socias e colaboradoras que pretenden contribuir coa súa acción e reflexión á construción dun sistema educativo GALEGO, PÚBLICO E DEMOCRÁTICO.


A Asociación de renovación pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA constituíuse por confluencia organizativa de diversos colectivos de profesores e profesoras que foran nacemento nos finais dos anos setenta para impulsar a renovación didáctica e a galeguización do ensino en Galiza: Escola Aberta, Avantar, Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega, Albe-Galicia e Xilbarbeira, entre outros; víndose a sumar a eles un notábel número de profesores de toda Galiza e dos diversos ciclos educativos.

A Asociación, que conta hoxe cun número próximo aos 300 asociados, é na actualidade un dos núcleos máis activos na empresa de reforma pedagóxica en Galiza. Se xa no seu nacemento incorporaba ao seu inicial acervo todo o conxunto de iniciativas emprendidas previamente (experiencias pedagóxicas, publicacións, encontros, materiais didácticos elaborados) veu significándose por unha continua actividade de promoción de iniciativas enmarcadas pola defensa e construción do modelo de Escola Pública, como sinal de identidade dos movementos de renovación pedagóxica.

Iniciativas presididas por unha permanente apertura aos planteamentos renovadores tanto psico-pedagóxicos como didácticos, terreo éste en particular, no que ven ofrecendo propostas de traballo, orientacións e materiais didácticos, que xunto aos libros de texto editados por un amplo número de asociados, constitúen un conxunto pedagóxico de singular relevo, en calquer caso de obrigado recoñecemento á hora de facer unha radiografía pedagóxica e escolar do presente galego.

Non menos notábel é a implicación da Asociación como tal ou a través de moitos dos seus asociados no impulso á galeguización lingüística e curricular no ensino, con froitos tanto na didáctica da lingua, como nas estratexias de galeguización, nas obras de literatura infanto-xuvenil, nos traballos en campos científicos como o das ciencias sociais e o seu tratamento escolar, ou o das ciencias naturais entre outros.

Desde o seu inicio, NOVA ESCOLA GALEGA promoveu a creación de grupos de traballo internos, a celebración de Escolas de Verán para o profesorado, de Xornadas de Preescolar e Ciclo Infantil, de Xornadas de Escola Rural en Galicia, de Xornadas de Normalización Lingüística, de Encontros sobre a Reforma Pedagóxica e de Debate Pedagóxico, de Xornadas sobre Imaxe e Educación, e de outras sobre psicomotricidade e Educación Física. Promoveu a realización dun



RESEÑA DA COBERTA - 11

LAS ACTIVIDADES SE REALIZARÁN EN LOS COLEGIOS PÚBLICOS

La «X Escola de verán» se celebrará en el municipio de Oleiros en septiembre

La Logse, el papel de la informática en la educación y la televisión como agente educativo serán el núcleo temático de las diversas charlas.

El actual director...


O...

El...

La...

El...

La...



Fotografía de la escuela pública de Oleiros durante un momento de la celebración.

El...

La...

notábel número de Mesas Redondas e Conferencias, con invitados de recoñecido prestixio no campo das ciencias da educación en todo o Estado Español.

Como xa se ven dicindo, a Asociación prestou e presta particular atención a campos e cuestións como: as didácticas da lingua, das ciencias sociais, das ciencias naturais, das matemáticas, a educación física e a psicomotricidade, os medios audiovisuais, a didáctica e o tratamento da educación infantil, a orientación escolar, a escola rural, a normalización lingüística, a historia da educación en Galiza, a educación plástica, a literatura infantil e xuvenil e a educación para a paz, ademais de propiciar a xeración de actividades desta orientación de por parte de diversas institucións e instancias de toda Galiza.

No campo editorial, ademais do notábel número de libros de texto e outros de carácter didáctico editados baixo a autoría de asociados a Nova Escola Galega, a través de diversas editoriais, hai que anotar a incursión noutros sectores pertencentes ás ciencias da educación, como poñen de relevo a existencia do pasado dunha colección editorial ("Cadernos de Nova Escola Galega") con seis títulos editados e a elaboración editorial e promoción da *Revista Galega de Educación*, da que saíron 33 números (até maio de 1999), en colaboración con Edicións Xerais de Galicia, acadando a ser unha acabada expresión da renovación pedagóxica ao longo dos anos oitenta e noventa. Ao longo destes vinte anos Nova Escola Galega ven editando con continuidade (números 1 a 50) o seu *Boletín Interno*, de difusión xeralizada entre os seus adherentes e diversas institucións e grupos educativos de todo o Estado; tamén editou o *Boletín Novapaz* de conexión entre aqueles ligados ás actividades relacionadas coa educación para a paz, así como *Nova Escola Galega Opina* de envío xeralizado a todos os centros públicos educativos de Galiza, con puntos de vista e orientacións pedagóxicas da Asociación.

A Asociación pertence á Confederación Española de Movements de Renovación Pedagóxica, cunha constante participación desde o momento da súa constitución, á Coordinadora Galega de Movements de Renovación Pedagóxica e tamén á Federación Internacional de Movements de Escola Moderna (FIMEM), recollendo así tanto unha das tradicións que deron paso a Nova Escola Galega, a da pedagogía da Escola Moderna ou Freinet, como unha orientación global da dinámica do conxunto da Asociación.

Ademais da implicación docente dos seus asociados, tanto na escola infantil, como na primaria, no sector da educación especial, no ensino secundario, na formación profesional e na Universidade (estudios de Pedagogía e Normalistas), hai que destacar a presenza, a veces moi significativa, de membros de tal Asociación en Preescolar na Casa, no noutroa existente, Gabinete da Reforma da Consellería de Educación, nos Servicios Municipais de Educación de Concellos que dispoñen destes Servicios Educativos, ou noutras iniciativas editoriais ao servizo da comunicación pedagóxica como foi o caso do Semanario "A Pizarra" de *Faro de Vigo*, ou o Semanario "Na Escola" de La Región de Ourense, sen esquecer tampouco a implicación nas publicacións pedagóxicas *Adaxe*, *Sarmiento*, *Anuario Galego da Historia da Educación*, ou en publicacións que como *Encrucillada* ou *Cuadernos de Pedagogía*, prestan unha atención informativa á realidade educativa de Galiza.



Como recoñecemento ao traballo da Asociación, foi declarada "Iniciativa Cultural" sobresaínte do ano 1986 nos recoñecidos Premios da Crítica de aquel ano.

Haberíase de sinalar finalmente que, como asociación democrática e plural tamén a ela pertencen ensinantes de notábel implicación sindical en varios dos sindicatos de traballadores do ensino de Galiza. Na procura de ser un instrumento ao servizo da reforma pedagóxica haberíase de salientar mesmo as súas contribucións ao desenvolvemento do movemento de pais e nais e escola en Galiza.


2. OBXECTIVOS E FINALIDADES

Son obxectivos para Nova Escola Galega:

1. A búsqueda e a elaboración de prácticas educativas que tomen en conta todos os aspectos físicos, afectivos, sociais e intelectuais da personalidade das persoas en formación.
2. A definición e loita por unhas condicións necesarias para unha pedagogía alternativa orientada desde o Proxecto ou Modelo de Escola Pública que preconizamos.
3. A modificación dos perfís profesionais dos educadores, desde a óptica dunha nova profesionalidade alonxada de visións tradicionalistas e autoritarias.
4. A batalla contra a cultura prefabricada, case sempre imposta aos alumnos sen deixarlles a posibilidade de verificar e de comprender criticamente o conxunto de aportes culturais.
5. A inculturación galeguizadora e a loita pola normalización lingüística en Galiza.
6. A búsqueda dunha concepción curricular e formativa unitaria, interdisciplinar e integradora.
7. A búsqueda dunha xestión democrática das institucións educativas, que sexa unha efectiva xestión social anti-autoritaria, anti-burocrática e anti-corporativa.
8. A afirmación da laicidade da educación pública ou sostida con fondos públicos, da coeducación, da promoción da igualdade e da integración das diferencias; é dicir, unha educación efectivamente democrática e democratizadora, como parte dunha sociedade democrática e socialmente avanzada.

3. SINAIS DE IDENTIDADE DA ESCOLA PÚBLICA

O modelo de Escola Pública que defendemos é un proxecto que cómpre ir construíndo mediante a reflexión e o intercambio de experiencias, favorecendo o debate profesional e social sobre o que significa un ensino público de calidade.






Estas serían algunhas das súas notas definitorias

- Entendemos a *Escola Pública* como un conxunto de institucións e mediacións sociais, organizadas como servizo público gratuito, para asegurar a toda a cidadanía o goce do dereito á educación.
- Debe estar financiada publicamente para asegurar unha escolarización gratuita, total e de calidade para todos e todas, entre os 0 e os 18 anos de idade.
- Organízase democraticamente. A súa titularidade, a súa xestión e todos os criterios que a informan terán que ser públicos, con autonomía pedagóxica e de xestión.
- Unha Escola investigadora e crítica que se estrutura a partir de proxectos educativos.
- Unha Escola plural, ideolóxica e culturalmente. Un espacio laico e aconfesional, que non practica o adoutramento e que garante a liberdade de expresión.
- Unha Escola vertebrada por un currículo contextualizado e didacticamente asentado en correctos fundamentos psicopedagóxicos.
- Un modelo de Escola Pública con estrutura de tronco único mediante un sistema pedagóxico coherente, dotado dun corpo único de docentes e educadores con autonomía organizativa para a aplicación do seu proxecto educativo.

4. VIDA E IDENTIDADE ORGANIZATIVA

Os Estatutos de NOVA ESCOLA GALEGA permiten deseñar unha estrutura organizativa que descansa no funcionamento e na toma de decisións democráticas, a partir das Asembleas Anuais, como marco no que, entre outras cuestións, se aproba o Plano de Acción anual e se elixe e/ou ratifican as diversas responsabilidades directivas e organizativas. Un órgano colexiado, o Secretariado Galego, do que forman parte, a Presidencia, a Secretaría, a Vicesecretaría e a Tesourería, de elección directa e renovábel cada dous anos, xunto a diversas Secretarías Técnicas, tanto internas como de representación externa, máis os representantes dos diversos Grupos Territoriais-Zonais nos que se estrutura o conxunto da afiliación, alimenta o funcionamento ordinario. O Secretariado Galego mantén reunións periódicas ao longo do ano, asegurando a toma de decisións e a coordinación das actividades da Asociación. Deste xeito exerceron ou exercen a Presidencia, pola súa orde, os profesores e profesoras: Mercedes Suárez Pazos, Antón Costa Rico, Fina Mosquera Roel, Manolo Bragado, Carme Soto, Xosé Ramos Rodríguez, Xosé Álvarez Castro, Xosé M. Cid Fernández, María D. Candedo Gunturiz, Carmela Cons e Francisco Veiga García.

Nova Escola Galega está estruturada nos grupos territoriais de Ferrol, A Coruña, Santiago, Barbanza, Morrazo, Salnés, Pontevedra, Vigo, Ourense, A Mariña e Lugo, se ben non sempre se rexistra un funcionamento ordinario destas zonas.



Son rasgos pretendidos da súa identidade organizativa:

- querer ser un grupo amplo, flexíbel, plural desde o punto de vista ideolóxico, e eficaz, que pretende ensamblar as aportacións sectoriais dentro dun marco globalizador e unificador;
- o recoñecemento e apoio ás dinámicas grupais internas, tanto a escola nacional como comarcal.
- un espazo convivialmente rico, de participación, con dinámicas de consenso e non exclusivistas, e con transparencia no seu funcionamento,
- un espazo humano que se considera parte dun tecido social cívico e crítico coas estruturas e prácticas de poder dominante actual, por consideralas contradictorias co modelo organizativo preconizado,
- un espazo potenciador da formación e da investigación do profesorado para a elaboración de propostas e prácticas pedagóxicas co máximo rigor científico e profesional,
- a estabilidade conxugada coa renovación e a progresiva acumulación dun patrimonio intelectual educativo.
- con vontade de ser plataforma de opinión e de contribución participante na construción da nova escola pública galega e democrática.

5. UN ESPACIO PARA A REFLEXIÓN, O DEBATE E A ELABORACIÓN DOCUMENTAL

Nova Escola Galega vense caracterizando como un cualificado espazo de debate e elaboración propositiva. Desde o diagnóstico do presente e co horizonte do noso Modelo de Escola Pública (Doc. aprobado no 1989), fomos propoñendo argumentos de avance, de análise crítica e de alternativa á realidade actual de educación en Galiza, conformando documentos de orientación, algúns de notábel importancia.

Entre 1983 e 1992 producimos documentos sobre a Reforma Educativa, a normalización da lingua galega, a educación para a paz, a escola pública, a xornada escolar e a formación do profesorado. Desde 1993, ano que con ocasión dos dez anos aprobamos o Doc. "Que florezan cen escolas novas", elaboramos os seguintes:

a) NOVA ESCOLA GALEGA OPINA

- 1997. Posición ante o Decreto de adscrición dos mestres aos Centros de E. Secundario.
- 1997. Posición ante o D. de Orientación.
- 1997. Posición sobre a reforma das Humanidades.
- 1997. Confusión política e política de confusión: "reformular a Reforma educativa"


Denuncian a la consellería por favorecer la educación privada

Nova Escola Galega critica la reducción del profesorado

SANTIAGO. Redacción de Movimiento de Renovación Pedagógica Nova Escola Galega denuncia "la discriminación que experimenta la escuela pública de educación en Secundaria ante el sistema de enseñanza privada". Los dirigentes de la organización alertan acerca de la situación de los docentes en el frente docente que, según el informe de la Asociación de Profesores de Investigación Pedagógica y de la Enseñanza Secundaria Obligatoria...

Para combatir esta situación de desigualdad entre las modalidades educativas gallegas, según el grupo, debería implantarse el sistema de asignación de profesorado que se utiliza en el extranjero. El informe de la Asociación de Profesores de Investigación Pedagógica y de la Enseñanza Secundaria Obligatoria...

En esta parte, esta asociación manifiesta su intención de que la consellería de educación se comprometa a que se celebren los exámenes de ingreso en las universidades de Galicia...



10 anos da Nova Escola Galega. Visión dunha nena.



- 2000. Reflexión en torno á proposta de medidas de atención á diversidade.
- 2001. Ante as revisións da LOXSE
- 2002. Sobre a Lei de Calidade.
- 2002 O Prestige, a educación ambiental e nós.
- 2003. Guerra, nunca máis!

b) OUTRAS DECLARACIÓNS E POSICIÓNS PÚBLICAS

- 1995. Nova Escola Galega valora como un avance o Decreto para a galeguización do ensino (22.IX)
- 1996. Sobre o ensino da relixión (14.VI)
- 1996 Ante a rede de centros (Febreiro)
- 1997. Contra a penalización da insumisión (19/I)
- 1997. Declaración conxunta: polo dereito elemental a aprendermos en galego.
- 1998. Demanda de garantías pedagóxicas e coherencia na implantación da Reforma Educativa (14/IX).
- 1999. En defensa da Escola Rural.
- 2000. Os MRP ante o D. de modificación dos ensinos mínimos (Declaración conxunta: 11/XII).
- 2000. Declaración conxunta: A escolarización de nenas e nenos con necesidades de compensación educativa (CCOO, CIG, UGT, Nova Escola Galega, Chavós, Cáritas de Tui-Vigo).
- 2000. Sobre o crecente proceso de militarización. (16.XII)
- 2001. Sobre os despidos dos profesores de relixión católica (17. IX)
- 2003. En apoio do acordo normativo da Real Academia Galega.
- 2003. Contra a supresión das escolas rurais.

c) DOCUMENTOS DE TRABALLO

- 1995. Nova Escola Galega ante a LOPAGCE.
- 1996. Alternativa de atención para a etapa infantil no medio rural galego.
- 1996. Os MRP na Galiza dos anos noventa. XIII Asamblea Anual da Asociación (22.VI).
- 1998 A formación do profesorado. Propostas de Nova Escola Galega.
- 2000. Dez anos da LOXSE.

6. GRANDES LIÑAS DE ACTUACIÓN

6.1 EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

A preocupación pola defensa e construción dun ensino público de calidade ten a súa patentización en accións reivindicativas, organizativas e de difusión pública entre as que destacamos diversos pronunciamentos, e a promoción da Plataforma do Ensino Público propiciada en 1994, conformada por diversas organizacións, conducente á sensibilización social e as mobilizacións realizadas en novembro do mesmo 1994.

A nosa participación nesta Plataforma contribuiu mesmo á mellora do clima organizativo entre as distintas entidades e colectivos participantes. Formaron parte das súas dinámicas ata o presente a

convocatoria de manifestación realizada na primavera de 1997 que reuniu en Compostela a máis de 5.000 persoas de todo o País en defensa do ensino público, e a máis recente en contra da Lei de Calidade que tivo lugar, coa presenza de máis de 3.000 persoas, o 25 de Maio de 2003 tamén en Compostela.

6.2. GALEGUIZACIÓN DO ENSINO

Tradicionalmente ten sido un dos eixos da nosa actuación, no que se inscriben o Modelo de normalización lingüística no ensino, renovado cun novo e reflexivo documento (1999), a preparación de material didáctico, a participación na Coordinadora creada arredor da Mesa de Normalización Lingüística e nos pronunciamentos e accións desenvolvidas, o apoio organizativo ás manifestacións celebradas, o traballo a través dos Equipos de Normalización Lingüística ou a singular implicación en campañas de sensibilización social como a desenvolvida en 1998 baixo o slogan “en galego, Galicia ten futuro” que reuniu en Compostela a uns 4000 manifestantes convocados por dezaseis organizacións, a desenvolvida en 2001 baixo o lema “O galego, materia pendente”, a realizada só o lema “En galego vexo Vigo”, así como a participación na co-organización dos Correlinguas (17 de Maio) dos anos 2001 e 2002, xunto con outras entidades.

Cumpre sinalar que a aprobación dun novo Documento do Modelo de Normalización no Ensino (1999) veu precedido dun intenso traballo de elaboración (conformado como un Proxecto Europeo dentro do Programa Sócrates), e que durante o 2002 membros deste equipo participaron en representación da Asociación na elaboración dos informes sobre o galego no ensino no Consello da Cultura Galega, e na elaboración do Plano de Normalización do Concello de Santiago, realizándose asemade unha sesión de traballo (“O uso da lingua a debate”) o 6 de abril de 2002.

6.3. ARREDOR DA REFORMA EDUCATIVA

Expoñente das preocupacións da Asociación ao respecto foron a Revista Galega de Educación, as pasadas contribucións na serie os Cadernos da Reforma de E. Xerais, a implicación en actividades convocadas polos CEFOCOPs, varios pronunciamentos públicos, a participación en actividades da Confederación española de MRPs e en Encontros da Mesa do Currículo durante varios cursos, o establecemento de posicións, a través das páxinas editoriais da Revista Galega de Educación e do Boletín Interno, o rexeitamento da deslexitimación da LOXSE -á que demos o noso apoio crítico- por parte do goberno do PP, ou a celebración de debates como o que centrou a Asemblea Anual da Asociación en 2002 co tema “O currículo mínimo común na Escola comprensiva”, como antecedente dos Encontros Estatais de MRP celebrados nese ano en Alcalá de Henares.

6.4. ESCOLAS DE VERÁN, XORNADAS E ENCONTROS

Ao longo dos dez últimos anos, Nova Escola Galega a través dos seus asociados convocou o seguinte conxunto de encontros:

1. **Encontros galegos de Educadores pola paz** e Encontros Galego-Portugueses: con case total continuidade anual e

Nova Escola Galega crítica con dureza la gestión de Educación

Dice que en los colegios existe una sensación de retroceso

SANTIAGO. Redacción El Movimiento de Renovación Pedagógica Nova Escola Galega ha elaborado un amplio informe en el que se critica con dureza la situación del sistema educativo gallego y, en concreto, el proceso de reforma del que aseguran que se está viendo plasmado en los centros, una amplia orientación de retroceso que «limita la perspectiva de progreso».

Este colectivo dedicado desde hace diez años al estudio y al mejoramiento de la educación en Galicia, advierte con preocupación que en la mayor parte de los centros educativos se están generando situaciones que «se perciben como un retroceso» y que «limitan la perspectiva de progreso».

Este movimiento expresa un sentimiento respecto a los objetivos de la LOXSE, por lo que consideran «puntuales» que desde la administración educativa se haya intentado «transmitir una sensación de normalidad» del momento del curso, pero que aseguran que «el momento predecible que estamos viviendo».

Carencia de plazas

Nova Escola Galega denuncia la carencia de plazas en diferentes tramos del sistema educativo que afecta de forma especial al RPE y la FP, y atribuye algunos de los problemas señalados durante el desarrollo del curso a la «empresarización que parece estar adoptando las áreas de planificación y organización de centros».

Además, el colectivo de la entidad Nova Escola Galega se muestra preocupado por el «empresarismo» con múltiples incidencias en la forma de contar con la día de mañana a muchos de los que abren el aula pública, «después de haber estado en aquellos centros educativos que, por un lado, se sitúan en un nivel de empleo».

Nova Escola Galega critica la escasa aplicación de la Logse

Xosé Álvarez Castro, elegido presidente de la asociación

SANTIAGO, Redacción. La asamblea anual de Nova Escola Galega se inició como habitual para los próximos meses, con la presentación de la Plataforma para a Reforma do ensino Público de Galicia y proseguir en la línea crítica de la implantación de la Reforma denunciando el retraso en la puesta en marcha de los aspectos positivos de la Logse.

La asociación pretende también seguir participando en organizaciones comarcales para la normalización del uso del gallego, denunciar los obstáculos en el proceso de normalización lingüística y formular alternativas para mejorar el sistema.

Además de continuar con la organización de actividades propias para la formación del profesorado, la organización prioriza a los aspectos educativos de carácter socialmente como la educación para la paz, el medioambiente, la solidaridad y la igualdad.

Entre las actividades previstas

en el ámbito autonómico destacan los IX Encuentros galegos de Educadores pola Paz, participando en la Plataforma pola Defensa do Ensino Público, organización de jornadas sobre comarcas escolares municipales y participación en la Coordinadora Galega de MRE.

Por zonas, O Morrazo acogió los VII Encuentros de Lenguajes, durante los VII Xornadas de Educación para a Paz. Vigo la elaboración de la Revista Galega de Educación y A Coruña la organización de dos escuelas de verano sobre la pedagogía de la imagen y sobre un proyecto educativo zonal en Oleiros.

Nueva dirección

En la asamblea fueron aprobados además las memorias económicas y de actividades de 1995 y la constitución de cuatro comisiones de trabajo sobre el desarrollo del cooperativismo, la defensa de la escuela pública, la formación del profesorado y la organización escolar.

En la asamblea también se eligió el nuevo secretariado nacional de la asociación. Xosé Álvarez Castro ocupará la presidencia y de la secretaría, vicesecretaría y tesorera se harán cargo, respectivamente, Cecilio Bello Rodríguez, Xosé Ramón Bernardes Pérez y Carmela Cans-Piñero.

De la Revista Galega de Educación se encargaron Anxo Costa Razo y Manuel Bragado Rodríguez y del secretariado de infraestructuras Francisco Vento García.

Como representantes de las asambleas de zona resultaron elegidos Teresa Ferrazo Ferrazo y Antonio Rodríguez Hermida para Santiago, Xosé Ramos Rodríguez y Xoselina Mosquera Riel para A Coruña, Xosé Lantia Mariñas para Ferrolterra y Xosé Manuel Cid para Ourense.

Estos asumieron representación en el nuevo secretariado los zonas de O Suroeste con las personas del presidente y la secretaria y O Morrazo del vicesecretario.

celebrándose alternativamente en Galiza e en Portugal, con un total de oito encontros galegos (do VIII ao XV) e sete portugueses (do I ao VII).

2. Encontros de **Ensinantes do Morrazo**, entre os anos 1993 e 1996 (do V ao VIII Encontro).
3. **Escola de Verán de Oleiros** (para os centros das Mariñas dos Condes) entre os anos 1993 e 1999.
4. **Congreso de Pedagogía da Imaxe, Pe de Imaxe**, realizado en varias ocasións co carácter de Congreso Mundial, celebrado de modo anual ata 2001 (IX Congreso).
5. **Xornadas de Educación para a Paz** en Ourense celebradas ata 1996 (IX convocatoria).
6. **Escola de Verán** en Santiago, retomada en 1999 e celebrada desde 2000 con continuidade ata o presente como Congreso de Educación arredor da diversidade (chegando á IV convocatoria en 2003).
7. **Escola de verán de Ortigueira-Ferrol**, iniciada no ano 2000 e que acadou en 2003 a IV convocatoria.
8. **Xornadas de Educadores e Orientación** en Lugo que acadou en 2003 a III convocatoria.
9. Ademais celebráronse en 1994 as **Vª Xornadas de Educación Medioambiental da Barbanza**; un **Encuentro sobre a Escola Pública** en 1996; as Xornadas conmemorativas da presenza renovada da **Pedagogía Freinet** en Galiza (nos 25 anos) realizadas en Bande en 1998; as **Xornadas de Educación na Mariña de Lugo** (1993 e 2000); as **Xornadas de Educación en Chantada** (2000), así como as Xornadas de Debate sobre o **galego no ensino** (2002) e sobre a **escola rural** (con presenza de 50 participantes), e as **Xornadas Ciencia, Xeoloxía e Territorio**, de Melide.
10. Hai que facer notar a preocupación pola apertura ao entorno e ao territorio que manifestan, na súa programación e organización, en concreto, as Escolas de Verán celebradas no pasado en Oleiros e no Morrazo, e as máis recentes de Ortigueira e da Mariña de Lugo.

6.5. A EDUCACIÓN PARA A PAZ. "APRENDER A CONVIVIR"

A educación para a paz é un dos elementos catalizadores da educación en valores presente no actual deseño da Reforma Educativa Española. A educación para a paz foi unha das primeiras dimensións e dinámicas de acción impulsadas por Nova Escola Galega, sendo os seus iniciadores en Galiza.



Formando parte desta continuidade, anualmente Nova Escola Galega convocou dous encontros, un constante en Ourense ata 1996 e outro en lugar variábel, e edita o Boletín Nova Paz.

Así, en Ourense en 1993 na Facultade de Humanidades celebráronse as VI Xornadas de Educación para a Paz e as IX en 1996. Desde 1993 redenomínanse en parte como Congreso de Movementos Sociais Alternativos, atendendo a temáticas como o feminismo, a ecoloxía, o pacifismo, a igualdade, a diversidade e a disidencia, constituíndo un notábel foro de debate e de presentación de experiencias, coa participación de ensinantes procedentes de diversos lugares do Estado español.

Pola súa parte os Encontros Galegos de Educadoras e Educadores pola Paz tiveron tamén continuidade. Celebrouse o VI Encontro en abril do 92 en Gandarío, o VII en abril do 93 en Allariz, o VIII e o primeiro Galego-Portugués un ano máis tarde en Lisboa-coa participación dun cento de galegos e galegas e o IX e II Galego-Portugués en Sarria, constituíndo un espacio moi vivo en canto á presentación de experiencias pedagóxicas, enriquecidas coa presenza de diversas ONGs, desde aqueles momentos ata o presente.

Noutra orde de cousas, no 1993 editáronse varios materiais celebrando 10 anos de educación pola paz, contribuíuse a dinamizar a educación para a paz en encontros celebrados en diversas cidades españolas, participábase na Coordinadora española de asociacións de educación para a paz, e participouse na organización do Congreso Europeo de Educación para a Paz celebrado en Santiago de Compostela no 1994, como tamén en apoio da insubmisión ao servizo militar e en diversas Campañas escolares de solidariedade con Cuba.

Un ano de singular importancia foi o de 1996 no que arredor do proxecto "Construir a Paz / Cultura para a paz" se levou a cabo un ambicioso proxecto de exposicións, de actividades e de presentación dun gran libro (baixo a coordinación do profesor Suso Jares), que acadou a todas as cidades galegas e a moitas vilas. Os recursos económicos reunidos foron entregados a dous proxectos de solidariedade internacional e de intervención no Brasil.

No ano 1998 desenvóléronse diversas accións de Conmemoración dos 50 anos da Declaración dos Dereitos Humanos da ONU, coa colaboración do IGADI e de Amnistía Internacional.

Hai que salientar asemade a posta en marcha, en colaboración coa Concellalía de Educación e Muller do Concello de Vigo, no curso 2000-2001, do programa "Aprendendo a convivir", que se desenvolve ata o presente no conxunto dos centros de educación da cidade de Vigo, acadando resonancia en diversos lugares de Galiza e no resto do Estado español.

6.6. PEDAGOXÍA DA IMAXE. GOLFIÑO E BANDAS DESEÑADAS

Nova Escola Galega en colaboración coa Escola de Imaxe e Son da Coruña veu celebrando desde 1992 e ata o ano 2000 os Congressos Internacionais de Pedagogía da Imaxe e a convocatoria de realizacións de videos escolares: a televisión, o video, a realidade inventada e o

Máis de vinte países no congreso 'Pé de Imaxe'

A CORUÑA

Mais de vinte países e moitas institucións están participando no VIII edición do Congreso de Pedagogía da Imaxe que se celebrará o próximo 14 e 15 de outubro na Facultade de Humanidades da Coruña, concretamente no Instituto Municipal de Educación e Medios Audiovisuais, ambos dous organizados pola Nova Escola Galega e Escola de Imaxe e Son, por unha banda, e a Escola de Imaxe de Lusaí.

O congreso, que contará con 75 obradoiros, presentará unha visión mox ampla da interacción dos medios audiovisuais no mundo, en

todo o mundo, así como das diferentes experiencias europeas, portuguesas e galegas, sempre en relación coa realidade de Nova Escola Galega. José Ramos Rodríguez, no transcurso dunha xornada de prensa,

Imaxe na escola

A vista frontalidade e sensibilización profesional e as actividades de intervención social de introducir cambios relacionádos cos medios de comunicación así como coa tecnoloxía audiovisual nos programas edu-

cativos. No mesmo punto para diferentes programas que investigan e experimentan a fondo coa pedagogía da imaxe, ponentes. Mariela Koser, unha das ponentes na II Asociación Audiovisual, e que se encontra neste momento en Estados Unidos, onde os programas foron desenvolvidos.


Desempañará o papel de profesor Anton Reiva, que estará unha semana en Galicia, xunto a Bernardita Martínez, a encargada do taller de vídeo, e o colombiano Jesús Martín Barreto e mailo americano Kathleen Tyner.

mundo da educación, con debates, realización e experiencias, veñen sendo centro de atención. Se cadra este Congreso resulta ser o espazo de reflexión máis cualificado a este respecto en Galiza, debendo salientar a importancia do IV Congreso celebrado no ano 1995 coa inscrición de máis de 300 profesionais e a participación dun alto número de poñentes e especialistas vidos de moitos lugares de todo o mundo.

En 1997, este Grupo de Nova Escola Galega (Pé de Imaxe) promoveu o Programa europeo para o desenvolvemento da educación e a imaxe a través do Programa Sócrates, realizando a coordinación durante varios anos de grupos de Francia, Finlandia e Suecia.

As dificultades de sostibilidade desta iniciativa fixo que se abriaran vías de colaboración coa sede na Coruña da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Un dos membros do equipo Pé de Imaxe abriu, coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia a iniciativa da revista de banda deseñada Golfiño, unha iniciativa con problemas de difusión e de custes que se recuperou en 2002 a través do apoio de La Voz de Galicia. Entretanto, a colaboración entre o equipo de Golfiño e Pé de Imaxe permitiu poñer en pé en 2003 un Programa de Banda Deseñada e novos medios, para a súa difusión escolar.



6.7 ORIENTACIÓN E DIVERSIDADE NA ESCOLA DEMOCRÁTICA

“A diversidade: riqueza e desafío” foi o tema que concentrou no 2000 as actividades da recuperada Escola de Verán, celebrada en Santiago. O tratamento integrador e educativo da diversidade, particularmente na etapa da ESO é un dos retos da LOXSE e en calquera caso da Escola Democrática; un reto ao que lle acae a posta en marcha de estratexias e actividades de orientación educativa. Así, orientación e diversidade na educación concentran a atención de dous encontros anuais celebrados respectivamente en Lugo e Santiago cun coidado programa e cunha considerábel cifra de persoas participantes. O que atende á diversidade presta unha particular atención á creación de materiais curriculares atentos á diversidade socio-cultural de Galiza, dando lugar á edición de Actas, a través do apoio do Departamento Municipal de Educación do Concello de Santiago, e en 2003 a un encontro de balance sobre as experiencias pedagóxicas focalizadas polo desastres do Prestige.

6.8 EN DEFENSA DA ESCOLA NO MEDIO RURAL

Preocupación constante, baixo o impulso de varias profesoras e profesores de Nova Escola ven sendo a defensa da escola no medio rural dadas as súas potencialidades educadoras, esquecidas dende a “racionalización administrativa” e o aforro e negación de recursos necesarios e suficientes á escola pública.

Neste senso, a través da Confederación Estatal de MRP e da coordinadora galega de MRP constituíuse unha Mesa de Coordinación da Escola Rural, agrupando á nosa Asociación, á ASPG, a Preescolar na Casa, á Coordinadora Galega de Colexios Rurais Agrupados e aos sindicatos CIG, CCOO, FETE / UGT e STEG, que levaron a cabo varias iniciativas reivindicativas e de sensibilización que incluíron a celebración dunhas Xornadas de Traballo no 2002.

7. OS GRUPOS DE TRABAJO

Nalgunha medida como consecuencia da institucionalización da formación pedagóxica continuada do profesorado, e da existencia de plans anuais de formación a través dos Centros de Formación Continuada do Profesorado, do impulso á formación en centros e da existencia de canles para a constitución de grupos didácticos a través dalgúns dos servizos municipais de educación, reduciuse a constitución de grupos específicos de traballo de Nova Escola Galega. Por razóns similares houbo unha reorientación e decantación cara a grupos de traballo de carácter temático máis amplo que os especificamente disciplinarios.

Grupos de traballo:

- Educación Ambiental: Grupo Gaia de Ourense, que a partir de 1994 reduciu a súa actividade.
- Educación pola Paz: Dous grupos situados en Vigo e Ourense, que reduciron a súa actividade dende 1997.
- Orientación e tutoría: en Santiago con actividade confirmada ata 1996, recuperado en Lugó desde o ano 2000.
- Proxectos educativos de Centros na Zona nas Mariñas, que decaiu cara a 1998.
- Educación Infantil e Ciclo Inicial, que se mantén en Santiago ao longo de toda a década, se ben con algunha redución do número de participantes.
- Pedagogía da Imaxe na Coruña: activo ata o ano 2000 e con actividade reducida dende ese momento.

Cara a fins do anos noventa naceron ou retomaron iniciativas outros grupos:

- De infantil, na cidade da Coruña, desde o curso 1996/97, estabilizado a través do colectivo Andaina.
- De Educación Secundaria, na cidade da Coruña con funcionamento entre 1996 e 2000.
- De normalización lingüística, desde 1997.
- De escola rural, desde 1998.
- De representantes nos Consellos do CEFOCOP, que funcionou nos anos 1999/2000.
- Cavila, de reflexión sobre materias curriculares, en Santiago desde o ano 2001.
- Trinque, sobre medios audiovisuais e educación, en Santiago.

É do caso sinalar que co apoio e participación de asociados de Nova Escola Galega existen outros grupos que veñen tendo un traballo continuado. Son os casos por exemplo do Grupo Enxergo de Filosofía, que prepara a Colección Editorial "Cadernos de Filosofía", editada por Edicións Xerais de Galicia, con ampla difusión nos centros de ensinanzas medias de Galiza, ou do Grupo de Literatura Infantil que co amparo do Servicio Municipal de Educación do Concello da Coruña, preparou os Cadernos de Literatura Infantil ata mediados dos anos noventa.



A PLATAFORMA EXPULSIONA UNO DOS SEUS MEMBROS EN LA COMUNIDAD EDUCATIVA. Nacho Sants

Constituida una plataforma en defensa de la educación pública

La forman colectivos sindicales, docentes, Apas y alumnos

Una quincena de organizaciones estudiantiles, sindicales, docentes y Apas constituyeron ayer formalmente en Santiago la Plataforma para la Defensa del Ensino Público, cuyo gestio-

ción comenzó en diciembre ante los problemas y carencias presupuestarias del sector. El manifiesto fundacional expresa la preocupación por la puesta en marcha de la LOGSE.

SANTIAGO. Redacción. El gestio- de la plataforma. José Ruben Rodríguez, presidente de Nova Escola Galega, afirmó que el grupo pretende ser una instancia de acción conjunta de todos los sectores que se preocupan por la educación pública en la ciudad de Santiago.

«Queremos mostrar que estamos en la actualidad en la educación pública, que se está haciendo un trabajo de promoción», declaró. «Una plataforma como esta que queremos que haya en todas las ciudades para que podamos trabajar de forma conjunta y apoyar la educación pública».

Los firmantes expresan la necesidad de cubrir en todas las ciudades de Galicia los objetivos de la Ley de Promoción del Empleo de Respetar los principios en la formación del sistema educativo inferior y mejorar los salarios de los docentes. Asimismo, la lista de puntos recogidos en el manifiesto incluye el número de alumnos por aula, la adaptación de la ley y la adaptación de la ley a las necesidades de los centros educativos de todo el país.

Los firmantes expresan la necesidad de cubrir en todas las ciudades de Galicia los objetivos de la Ley de Promoción del Empleo de Respetar los principios en la formación del sistema educativo inferior y mejorar los salarios de los docentes. Asimismo, la lista de puntos recogidos en el manifiesto incluye el número de alumnos por aula, la adaptación de la ley y la adaptación de la ley a las necesidades de los centros educativos de todo el país.

Los firmantes expresan la necesidad de cubrir en todas las ciudades de Galicia los objetivos de la Ley de Promoción del Empleo de Respetar los principios en la formación del sistema educativo inferior y mejorar los salarios de los docentes. Asimismo, la lista de puntos recogidos en el manifiesto incluye el número de alumnos por aula, la adaptación de la ley y la adaptación de la ley a las necesidades de los centros educativos de todo el país.

7.1. PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA DA EDUCACIÓN INFANTIL

Entre os diversos grupos de traballo, o de pedagogía e didáctica de educación infantil, que se reúne en Santiago con periodicidade constante dende o ano 1985, permitiu ir construíndo unha importante formación teórico-práctica desde as perspectivas do enfoque constructivista, constituíndose un sólido seminario de formación, ao que acudiron neste tempo algo máis de vinte profesores, arredor dun máis restrinxido núcleo de referencia. Dende este grupo convocándose varios encontros pedagóxicos.

As súas actividades levaron a establecer diversos contactos con outras entidades do País Vasco (Adarra), de Italia e de Portugal, e con grupos galegos como Preescolar na Casa ou AGAMEI.

8. PUBLICACIÓNS

Coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia editamos a *Revista Galega de Educación*, cunha tiraxe de 1.200 exemplares. A Revista chegou ao seu número 33 e gozou dun recoñecido prestixio. Ten sido, sen dúbida o instrumento comunicacional periódico máis no campo da innovación e da renovación pedagóxica en Galiza. Experiencias, artigos de opinión, informacións, libros, documentos, artigos de fondo, monografías... Todo un espacio de difusión da nova pedagogía, velixerante a prol da identidade e da normalización cultural de Galiza. Circunstancias impropicias no mundo editorial e outras persoais paralizaron esta Revista na primavera de 1999 e a pesar de varios esforzos realizados, ante o insuficiente apoio dos lectores, aínda non se conseguiu relanzar a publicación, algo que de todos modos quere se levar a cabo.

O *Boletín Interno*, instrumento de información sobre a vida da Asociación, de carácter cuatrimestral, do que se levan publicados 50 números cunha tiraxe de máis de 350 exemplares por número.

O *Boletín de Educación pola Paz NovaPaz*, do que van editados 26 números cunha tiraxe de 800 exemplares, de ampla difusión en Galiza e fóra, en apoio dunha dinámica educativa moi atenta á educación nos valores da paz e na solidariedade internacional; un Boletín renovado en profundidade neste ano de 2003, baixo a dirección técnica do compañeiro Manolo López.

Ademais dos traballos de diverso tipo elaborados e editados por distintos membros da Asociación, esta foi promotora ou instancia de apoio explícito ás seguintes edicións durante estes dez anos:

- 1994, TAIBO, C.: *20 preguntas sobre os conflitos iugoslavos*, Nova Escola Galega, Santiago.
- 1995. RODRÍGUEZ JARES, S.: *Educadores para a Paz*, Servicio Municipal de Educación, Ferrol.
- 1996 RODRÍGUEZ JARES, S. (Coord.): *Construir para a paz*. Cultura para a Paz, Xerais, Vigo.

71

La falta de educación audiovisual daña los valores democráticos

El programa de TV de la Xunta de Galicia, al no haber alcanzado la necesaria calidad audiovisual, está dañando los valores democráticos de la sociedad gallega.



1996 COSTA RICO A. (Coord.): *Técnicas Freinet da Escola Moderna, Xerais, Vigo.*

1997. CID FERNÁNDEZ, X.M., DAPÍA CONDE, M^a: *Por unha escola do pobo. No Centenario de C. Freinet, Universidade de Vigo, Ourense.*

2003 RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, S., *Materiais curriculares e diversidade socio-cultural en Galicia, Concello de Santiago, 2003.*

Un número considerábel dos nosos asociados realizaron neste tempo abondosas contribucións editoriais no tocante ao estudo da realidade educativa de Galicia, á creación de materiais e libros didácticos e de literatura infantil e xuvenil, a través, sobre todo, das Editoriais Xerais, Galaxia, O Castro, SM, Sotelo Blanco ou Vicens Vives, das coleccións do Instituto de Ciencias da Educación ou das publicacións dos Servicios Municipais de Educación. Membros da Nova Escola Galega, que tamén o son de GALIX realizaron nesta década unha formidable contribución á literatura infantil e xuvenil, chegando a acadar mesmo recoñecemento español e aínda internacional.

9. RELACIÓNS EXTERNAS

9.1. NOVA ESCOLA GALEGA E OUTROS MRP^s DE GALIZA


Existe unha precaria interrelación entre os diversos Colectivos galegos de profesores autodenominados como movementos de Renovación Pedagóxica. En Xuño de 1994 constituíuse legalmente a Coordinadora Galega de MRP, formada pola Asociación Sociopedagóxica Galega (ASPG), a Escola de Verán de Lugo, o Instituto Galego de Socio-Pedagoxía (IGSP) e por nós mesmos (NEG), aínda que a dinámica de conxunto ata o presente ten sido limitada. Exerceron a presidencia da Coordinadora Galega os asociados de Nova Escola Galega Xosé Lastra Muruais e Pepe Álvarez Castro.

En 1998 no seu seo constituíronse tres Mesas Técnicas: de educación infantil, de educación secundaria e de escola rural, como consecuencia do encontro de coordinación celebrado na Granxa Barreiros (Sarria) o 10 de maio de 1997.

Logo de varios cursos de apoio a estas e outras estruturas organizativas colectivas e logo da valoración dos nosos esforzos e os de outras organizacións, Nova Escola Galega optou ultimamente por adicar máis esforzos ao traballo organizativo na propia Asociación.

9.2. NOVA ESCOLA GALEGA E A CONFEDERACIÓN ESTATAL DE MRP^s. PRESENCIA INTERNACIONAL

En todo este período houbo unha participación ordinaria e constante de representantes de Nova Escola nas actividades de encontro, de debate e de coordinación convocadas pola Confederación Estatal, destacando a participación representativa no órgano directivo da Confederación e a presenza nos Encontros Estatais, como o último celebrado en outubro de 2002 en Alcalá de Henares coa temática "Educación, cultura e currículo básico".



De modo estable veuse participando na Mesa de interculturalismo e de Curriculum. Hai recentemente tamén presenza na de Escola Rural, aínda que neste caso en nome da Coordinadora Galega de MRPs. Ao mesmo tempo tamén participamos en varios momentos na Coordinadora Estatal de grupos de educación para a paz e en diversos Congresos do MCEP (Movemento Cooperativo de Escola Popular), así como esporádicamente en iniciativas de alcance internacional da Federación Internacional de Movementos de Escola Moderna (FIMEM), á que pertence a nosa Asociación, desde os anos noventa. Nova Escola Galega envía periodicamente o Boletín Interno a distintas entidades e bibliotecas de diversos puntos de España e de Europa.

9.3 NOVA ESCOLA GALEGA E OUTRAS ORGANIZACIÓNS DE GALIZA

A pesar do noso interese non teñen sido de importancia as relacións nin coa Confederación Galega de ANPAS de Centros Públicos, aínda que existan relacións de cordialidade, e presenza aí de algúns asociados nosos, nin tampouco coas organizacións sindicais do ensino. O asinamento dun Protocolo de colaboración en 1993, con ocasión do X Aniversario de Nova Escola Galega (no seo da que existen afiliados de case todas as organizacións sindicais do profesorado), coa CIG, con CCOO e co STEG, non conduciu, alén de algunhas valiosas implicacións persoais, á realización dunha colaboración notábel da parte das organizacións sindicais. Nova Escola comenzou a primeira efectivización de acordo a través do impulso á Plataforma en defensa do Ensino Público (1994), sendo as tensións sindicais as que dificultaron a súa estabilidade e dinámica. Aínda así foron varias as iniciativas realizadas.

Con máis eficacia se desenvolveu a nosa participación na Plataforma polo Ensino en Galego, conformada arredor da Mesa pola Normalización, non exenta sen embargo dalgunha conflictividade nos últimos anos.

9.4 A PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL

Nova Escola Galega ven participando a través dos seus representantes nalgúns Consellos Escolares municipais, no Consello Escolar de Galicia e fíxoo nos Consellos Directivos dos CEFOCOPS. Cómpre salientar a destacada participación dalgún dos nosos asociados na elaboración do estudo técnico para o primeiro informe sobre a situación do sistema educativo (curso 1992-93) aprobado polo Consello Escolar de Galicia e noutros posteriores. Cabe sinalar tamén que diversos asociados desempeñan ou desempeñaron responsabilidades directivas en centros escolares de niveis non universitarios, nos Decanatos de Facultades de Educación de Santiago, de Coruña e Ourense, na anterior Escola de Maxisterio de Santiago, no Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, ou en CEFORES, caso por exemplo do de Ferrol. Algúns desempeñan a súa función á fronte de servicios municipais da educación, desde os que se promoven importantes actividades educativas co selo da renovación. Noutra orde de cousas, hai que destacar a moi importante participación dalgúns en actividades, mesmo directivas, relacionadas co mundo editorial galego.



Máis recentemente asináronse convenios coas Facultades de Educación de Ourense e de Santiago para o recoñecemento das nosas actividades de formación e a formación de alumnado en período de prácticas.

10. INICIATIVAS SINGULARES

Ao longo da década 1993-2003 desenvolvéronse outras iniciativas entre as que poden ser citadas:

1. A recuperación en 1997 da **Biblioteca** particular do inspector-xefe da provincia da Coruña no tempo da IIª República, D. **Manuel Díaz Rozas**, quen foi o Director da Sección de Pedagogía do Seminario de Estudos Galegos (SEG), en colaboración co Instituto Galego de Información promovido por Sargadelos. A biblioteca interesantísima desde o punto de vista psico-pedagógico é o mellor patrimonio bibliográfico histórico-pedagógico existente en Galiza.
2. Con ocasión do **Centenario da Pedagogía Freinet**, celebráronse durante 1997 varias actividades de difusión desta orientación pedagóxica, con varios encontros e publicacións, estando entre estas a edición en galego do texto **Técnicas Freinet da Escola Moderna**, o primeiro “clásico” pedagógico editado na nosa lingua.
3. Contribución decisiva á celebración das Mostras de Ensino en Ferrol desde o ano 2000.
4. Apoio a diversas **iniciativas de conmemoración** dos 150 anos da creación da Escola Normal Superior por parte da Facultade de Ciencias da Educación en Santiago.
5. Apoio á campaña por unha CRTVG plural, a prol da disposición dunha información veraz e democrática.
6. Contribución ao desenvolvemento dos respectivos **Día das Letras Galegas**, con particular intensidade no ano 2001, adicado ao Padre Sarmiento.
7. Integración de Nova Escola Galega na **Plataforma Nunca Máis**, con ocasión do desastre ecolóxico do **Prestige** e apoio ás diversas iniciativas da Plataforma incluíndo a cadea humana celebrada na Costa da Morte o 22 de xaneiro de 2003 e a celebración nos centros de educación da Semana Negra.
8. Colaboración co Servicio Municipal de Educación do Concello de Santiago para a convocatoria en 2003 da primeira edición dos **Premios Educa Compostela** a favor da innovación, a calidade da educación e a renovación pedagóxica.
9. Neste último ano 2003, co apoio da Consellería de Cultura (para a realización da distribución) entregáronse como doación 200 coleccións-case completas- da Revista Galega da Educación (números 1-33) a outras tantas Bibliotecas públicas de Galiza.

Cientificas personas debaten ayer sobre la enseñanza en el medio no urbano

Expertos defienden recuperar en la escuela rural la cultura tradicional




II. UNHA ORGANIZACIÓN QUE SE RENOVA

A través da estabilidade directiva do Secretariado Galego nestes dez anos foi posible ir dando unha textura concreta e modulada aos obxectivos xerais e finalidades de Nova Escola Galega, poñendo distintos acentos nos distintos anos trascurridos. A preocupación polo fortalecemento da Escola Pública, e pola normalización do galego veñen tendo a súa plasmación en diversas dinámicas que inclúen o seguemento crítico da implantación da Reforma (nos seus anos máis cruciais), ou a colaboración franca con outras organizacións e instancias para facer sentir con máis forza a presenza das nosas posicións. Incidimos na formación do profesorado para procurar responder, con iniciativas propias, compartidas ou da Administración Educativa, ás demandas e expectativas, baixo o prisma do modelo de formación propugnado documentalmente por nós. Afortalar a Asociación como un espacio de debate e de elaboración pedagóxica, con vocación de influencia e de proxección externa é outra das nosas preocupacións, procurando por isto tamén a coordinación estatal e galega con outros MRP, priorizando nas elaboracións as temáticas máis centrais para a transformación escolar desde os eixos da escola democrática, pública, integradora da diversidade, laica e galega. Isto tennos levado a impulsar diversos grupos de traballo estables, a prestar atención particular a determinadas problemáticas educativas, ou a exercer unha actuación pública crítica e de denuncia, en atención ás circunstancias concurrentes.

Para promover o traballo citado procuramos organizativamente dotarnos dalgúns imprescindibles recursos e medios, como a contratación de persoal administrativo (que viñeron desempeñando en diversos momentos Sonia López Soto, en particular, e tamén Sandra Otero Lemos, María Pereira e actualmente Silvia López) e avanzar nun proceso de informatización, conducente á creación dun servizo de distribución e unha páxina web. O número de asociados e asociadas, que experimentou altas e baixas neste período, sitúase nos case 300, observándose unha redución global (en canto que eran 315 en 1996 e 360 en 1993) nun contexto social relativamente adverso para organizacións sociais estables e de horizonte alternativo.

O Secretariado estivo composto en cada ano por un equipo variábel no tempo de non menos de dez nin máis de quince compoñentes. Neste período exerceron desempeños organizativos con moita constancia e durante moito tempo: Xosé Ramos Rodríguez, Xosé Lastra Muruais, Pepe Alvarez Castro, Carmela Cons, Francisco Veiga García e Cecilia Bello Rodríguez. En escala decrecente interviron ou fanno no presente igualmente Tereixa Ferreiro, Mariló Candedo Gunturiz, Xosé M. Cid, Antón Costa, Xosé Antonio Pérez Martínez, Andrés Santalla López, Mercedes Vázquez, Manuel López Fernández, Alfonso Villares, Esther Vázquez Otero, Benxamín Salgado, Fernando Vidal, Suso Rodríguez, Montse Castro, Josefa Lago Vázquez, Pilar Diz, Manolo González, Carme Díaz Simón, Xoanca Alvarellós, Suso Jares, Manuel Bragado, Antonio R. Hermida, Miguel V. Freire, Ricardo Ventosa, Xoan Lorenzo, Lois Ferradás, Silvia Lijó, Xosé R. Bernárdez, Xosé M. Barreiro, Anxo Barreiros e Xulio Gutiérrez.



O colectivo Nova Escola Galega celebra en Lago o primer Encontro de Educadores Orientadores educativos analizarán las relaciones y la violencia en los centros

La orientación es el pilar de los conflictos y la violencia en los centros educativos y las relaciones personales, según los temas del primer Encontro Galego de Educadores e Orientadores que se celebrará el próximo mes de Julio en Pontevedra. El colectivo Nova Escola Galega se reúne en el marco de la organización.

El encuentro se celebrará en la localidad de Pontevedra, los días 17 de noviembre y 18 de diciembre, en el marco del Encontro Galego de Educadores e Orientadores. Este encontro está organizado por el colectivo Nova Escola Galega, en colaboración con el departamento de Educación, Cultura e Ordenación do Goberno Galego. O encontro terá lugar no Hotel de Galicia, en Pontevedra, e contará coa participación de especialistas en orientación educativa e violencia escolar. O encontro terá un carácter de formación e intercambio de experiencias entre os participantes. O encontro será gratuito e aberto a todos os interesados. O encontro será organizado polo colectivo Nova Escola Galega, en colaboración co departamento de Educación, Cultura e Ordenación do Goberno Galego.



Representantes de Nova Escola Galega presentando con los periodistas.

ASOCIADOS DE HONRA DE NOVA ESCOLA GALEGA

Con ocasión da conmemoración dos 50 anos de proclamación da IIª República, en 1986 a Asociación, querendo establecer unha ponte co profesorado republicano que nos antecedeu e que loitou por unha escola pública, democrática, científica e laica, nomeou asociados de honra ás seguintes persoas:

- Baltasar Vázquez
- Armando Fernández Mazas
- Viuvas de Abel Carbajales e de Luís Acuña
- Eladio Marcos Rodríguez
- Herminio Barreiro (pai)
- Julio Conde Ansias
- Carmen Conde Ansias
- Xosé Sueiro Martínez
- Raúl González

Con ocasión dos dez anos de Nova Escola Galega foron nomeados socios de honra igualmente:

- Avelino Pousa Antelo
- Luis Taboada Camoeiras
- Gregorio Sanz García.

Renovamos en 2003 este proceder nas persoas de :

- Antía Cal Vázquez
- Dolores Pumariño Vilela
- Dolores Rodríguez Presedo
- Paz López Facal
- Carmela Iglesias Pérez
- Mariano Guizán Sánchez
- Antonio Vázquez Martín

DECLARACIÓN NO X ANIVERSARIO (1983 - 1993)

Que florezan cen escolas novas no país dos mil ríos

A MODO DE MEMORIA

1. Hai dez anos, profesores e profesoras, educadores e técnicos de educación de toda a nación decidimos unir en cooperación os nosos saberes e prácticas educativas coa intención de impulsar e desenvolver unha orientación plenamente renovada da educación en Galicia, mediante un instrumento organizativo que nos permitise crear espazos adecuados de traballo pedagóxico, de reflexión, de creación de materiais didácticos e de información sobre as nosas búsqueda, tanteos e experiencias.
2. Xurde, tamén, Nova Escola Galega coa pretensión de recuperar un impulso renovador xa histórico na educación en Galicia, emerxente de novo nos anos setenta, así como de proxectar cara ao futuro as nosas perspectivas a prol dun ensino de calidade, público, galeguizado e de orientación progresista e democrática.
3. Facendo un moi sintético balanço, cómpre salientar que nestes últimos dez anos foron certamente notables as modificacións que se rexistraron en todo o sistema educativo. Neste senso, abondosas indicacións formuladas polos Movementos de Renovación Pedagóxica viñeron tomar corpo legal e diverso grao de plasmación no sistema educativo, aínda que non por iso debemos estar satisfeitos.
4. Como Nova Escola Galega fomos constituíndo unha corrente dinámica de renovación pedagóxica e de transformación das prácticas educativas, tendo como eixo conductor e articulador unha proposta pedagóxica e escolar tamén por nós paulatinamente madurada: o noso Modelo de Escola Pública Galega.
Como tal corrente dinámica desde Nova Escola Galega e a través dos seus afiliados, viñéronse impulsando, entre outras, iniciativas como:
 - A revalorización das prácticas pedagóxicas nas aulas desde as perspectivas da profesionalidade docente e do modelo didáctico de investigación-acción.
 - A galeguización curricular no ensino, mediante prácticas, encontros de debate e documentos que deron lugar ao Modelo de Normalización Lingüística no Ensino.
 - A creación e difusión de libros de texto e outros materiais didácticos para a práctica dunha educación renovada, preferentemente nos campos lingüístico-literario, socio-natural e do medio.
 - Os encontros de expresión corporal e de educación física, porque o desenvolvemento persoal integra o corpo e os procesos psicolóxicos.
 - A elaboración de recursos para a práctica dunha educación do medio, marcando orientacións na actualidade difundidas en todo o sistema educativo.
 - A xeración dunha educación para a paz, como dimensión educativa que promove o diálogo, o respecto ás diferencias, a integración e a resolución de conflitos.
 - Os encontros e materiais pedagóxicos arredor dunha pedagogía da imaxe.
 - O deseño dunha proposta anovadora para a funcionalidade e a organización escolar no medio rural galego, como antecedente dos Colexios Rurais Agrupados.
 - As novas prácticas para a escola infantil.
 - A reflexión e as propostas arredor do tempo escolar.
 - O impulso a literatura infantil e xuvenil en lingua galega.
 - A creación e desenvolvemento de canles de información como *Boletíns*, o *Novapaz*, *A Pizarra*, *Na escola* e a *Revista Galega de Educación*.
 - As Escolas de Verán e outros Encontros de intercambio e de reflexión educativa.
 - A organización funcional e de cometidos para algúns dos departamentos municipais de educación existentes no país, a partir das primeiras experiencias.
 - A democratización nas estruturas de goberno e de xestión escolar e o apoio ás instancias de participación social na educación.
 - A formación do profesorado con criterios de actualización e de renovación, tanto a través de estruturas universitarias como de outras para a formación continuada.

Non é, se cadra, mal balanço para estes anos, pero temos a conciencia de que podería ter sido máis logrado.

NON ESTAMOS SATISFEITOS CO PRESENTE

5. Desde as nosas perspectivas valoramos críticamente a acción desenvolvida ata o presente pola Administración Pública Autonómica de Educación. A súa creación e a súa acción deberían ter significado unha vigorosa posta en marcha de proxectos educativos anovadores, catalizadores de enerxías colectivas de transformación educativa, logo de tantos anos de centralismo educacional negativo para o desenvolvemento cultural en Galicia.
6. Un ton crítico debemos tamén empregar en relación coa nosa sociedade no seu conxunto e singularmente en relación coas instancias e organizacións sociais ligadas ao ensino (Movementos e Colectivos de Renovación Pedagóxica coma nós mesmos, APAs, sindicatos de profesores e outras entidades), pois que con frecuencia temos declinado da nosa intervención responsable na reforma de educación, con constancia, con iniciativas e con madurez no protagonismo, como mostra da creatividade social precisa para que unha nova educación exista.
7. Aínda así, non podemos desconocer a existencia de froitos espléndidos desta nova educación. Ao longo e ancho de todo o tecido formativo de Galicia temos experiencias, iniciativas e datos que falan tamén da nova educación e das novas escolas que andan a madurar.

TEMOS UN FUTURO POR CONSTRUIR

8. A escola, ou xenericamente o sistema educativo, non é actualmente o único lugar de formación. É un instrumento, entre outros, para a formación e a socialización das persoas, mais a ela lle corresponde formalizar, sistematizar e transmitir a síntese crítica dos saberes e contidos científicos e culturais recibidos no exterior de forma dispersa e fragmentaria, contribuíndo deste modo ao correcto desenvolvemento das personalidades infantís e xuvenís e á súa socialización.
9. É mester formar espíritos abertos, con flexibilidade e adaptabilidade cognitivas, dotados das disposicións e dos saberes necesarios para adquirir constantemente outros novos e adaptarse criticamente a situacións tamén novas, permitindo que cada escolar poida ser cada vez máis capaz para afrontar os problemas da súa vida. Para conseguilo compre un currículo integrado e atento ao devir social, anovador en canto á súa revisión e modernización constante, na procura da existencia de contidos de aprendizaxe significativos, pola súa capacidade formativa, ante unha sociedade en cambio na que os estudantes se ven mergullados.
10. Unha escola que debe contrarrestar os mecanismos que conducen a crear as condicións do fracaso escolar, facendo dela unha axencia de lexitimación dunha sociedade desigualitaria, a través de mecanismos selectivos e meritocráticos. É mester, pois, plasmar unha pedagogía do éxito, potenciadora do desenvolvemento integral de todos e da expansión dunha pluralidade de formas a ser reconecidas pola escola, unha pedagogía xeneradora da construción da autonomía persoal, así como da activa integración social de cada persoa desde o respecto ás diferencias.
11. Porque a escola debe promover a reflexión, a análise e o espírito crítico, debe fundamentarse no modelo pedagóxico preconizado pola pedagogía científica e experimental, reivindicando, pois, a experimentación e a investigación como estratexias didácticas para a construción do coñecemento na escola, así como a realización dun ensino pedagóxicamente fundamentado.
12. Contemplamos tamén a escola como un espacio humano que debe estar cargado de afectividade positiva, de modo que se promovan as conductas de cooperación e de solidariedade e a acollida de historias de vida e non só das intelixencias. Unha escola que valora, pois, os saberes e as manipulacións concretas, así como as diversas formas de aptitude cultural socialmente recoñecidas, e que asume polo tanto o pluralismo e o relativismo cultural, ao tempo de construír pensamento científico.
13. A nova escola galega, en tódolos seus niveis educativos, terá que ofrecer unha información inscrita nunha permanente inculturación galeguizadora. Partindo creativamente da lingua e da cultura galega, ela mesma deberá ser tamén axencia e motor de impulso da galeguización e da normalización lingüística. Escola que participa así na construción da identidade do país, unha identidade integradora da multiculturalidade, ao mesmo tempo que aposta pola incardinación na dimensión social, cultural e educadora europea e internacional.
14. Sendo múltiples os axentes de socialización e de transmisión cultural, é tamén

responsabilidade de todos eles institucións, poderes públicos, axentes sociais a de atender á dimensión educadora das súas actividades.

Atendida a diversidade do noso espacio social, compre reafirmar o valor da participación social democrática paia intensificar o diálogo educativo entre profesores e profesoras, nais e pais, alumnos e alumnas e o contorno, de xeito de facer viables as estratexias de renovación pedagóxica e de reforma escolar.

15. Cómpre unha educación que fomente a iniciativa e a capacidade emprendedora, que fomente o exercicio real de responsabilidades, así como a cultura ao traballo enriquecedor. Unha educación que, noutra orde de cousas, fomente a plasmación dos valores de paz e dos dereitos humanos, promovendo en particular a coeducación, a tolerancia, a solidariedade, así como o refugo da marxinação, do racismo e da violencia.

DE HOXE PARA MAÑÁ

16. Os contidos culturais dos currículuns escolares deberían recoller as liñas sinaladas, compaxinando o rigor da ciencia e o coñecemento sistematizado coa relevancia para os que aprenden, a utilidade para mellorar a vida persoal e social e a significatividade para comprender e interpretar a realidade contextual. A adaptación do currículo a cada contexto é así responsabilidade dos equipos educativos. A autonomía dos centros para elaborar autónomamente proxectos de centro é así unha das garantías para conquistar o máximo desenvolvemento de todo o alumnado. Autonomía que non quere dicir arbitrariedade nin falta de control externo. Quere dicir competencia decisiva para axustar creativamente os obxectivos de cada etapa, para xestionar os recursos didácticos e económicos precisos paia aplicar o proxecto, e quere dicir avaliación regular e sometemento da programación e do funcionamento do centro á avaliación externa.

En todo caso, a elaboración dos proxectos de centro debe ser un proceso dialogado de traballo de sistematización e de formulación do que se fai. Un proceso que debe ser estimulado e facilitado desde o exterior en canto ás condicións da súa realización.

17. Ante o proceso de reforma educativa suscitado pola LOXSE e a súa plasmación, cómpre que se identifiquen os recuisos económicos, as investigacións e as accións de planificación que a farán posible, coa participación e o consenso dos sectores afectados. Particular atención merecen no momento presente a ordenación estrutural, os criterios de planificación e de distribución de recursos e a elaboración dos deseños curriculares.

Para tal plasmación é mester o impulso decidido da administración que conleve a unha maior implicación do profesorado no proceso de reformas, o que á súa volta conleva a obxectiva valoración e dignificación social da función profesional docente e da súa complexidade. Só así serán atendidas adecuadamente as correctas esixencias laborais, as necesidades de formación inicial que deberá ser do máximo nivel superior así como as da súa formación permanente.

18. Paia todo isto compre unha maior mobilización da sociedade galega.

Cómpre modificar os programas políticos, así como as prácticas das Administracións Públicas, para adaptalas ás demandas plurais e diversas xeneradas por proxectos educativos parcialmente diferentes.

Cómpre tamén unha revisión dos tempos e dos espacios escolares, porque nos son necesarias escolas con recursos humanos, tempos e espacios máis flexibles, redimensionados e con equipamentos adecuados ás novas necesidades. Os procesos de coordinación, de elaboración e de programación así o reclaman tamén.

Precísase do mesmo modo a descentralización administrativa, con atención ás realidades comarcais, co recoñecemento da administración local desde unha óptica de coordinación, que non de eliminación das responsabilidades da Administración Autonómica Galega.

É preciso do mesmo modo a coordinación de recursos entre tódolos servicios e instancias que realizan funcións de soporte pedagóxico, organizativo e curricular.

19. A actitude que as admministracións educativas están a someter á escola pública galega conduce a que os sectores sociais menos favorecidos teñan un servicio público cada día peor dotado e de menor calidade. Córrese así o risco de converte-la escola pública nunha rede subsidiaria da escola privada e de reducila ao papel de atención aos sectores que non interesan á meirande parte da escola privada. Por esta razón é desexable un cambio de política educativa da administración galega e o seu impulso decidido na mellora da calidade do ensino e na posta en marcha das reformas.

NOVA ESCOIA GALEGA.

20. A dez anos da nosa constitución expresamos a nosa vontade de seguir sendo unha instancia organizativa con capacidade de atracción e de articulación para un sector significativo dos ensinantes, educadores e técnicos da educación en Galicia.

Unha instancia para a elaboración, a reflexión e a difusión didácticopedagóxica, desde as perspectivas trazadas, afirmando así o protagonismo docente; un protagonismo que reconece as funcións e o protagonismo das demais instancias relacionadas coa educación, así como o labor de tódolos que interveñen responsablemente na educación en Galicia.

21. O noso sentir máis profundo é o de que florezan cen novas escolas, signo de vitalidade, de autonomía, de creatividade e de maduración social.

Cen novas escolas para vivir, con nenas e nenos e con rapaces mozos que son a Galicia do mañá, unha Galicia que queremos ben mellor, máis plena e máis xusta Este é o noso sentir.

Revista Galega de Educación, 17 (1993).

MANIFESTACIÓN EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

Texto do Comunicado final

Santiago, 26 de Abril de 1997

Estamos aquí neste fermoso acto de afirmación democrática un vigoroso ramo de xentes procedentes de toda a xeografía do País. País e nais, profesores e estudantes; cidadáns todos conscientes do que significa o ensino público, para o presente e o futuro dunha Galicia culta, libre, xusta e solidaria.

Levamos anos construíndo un ensino público democrático, participativo, integrador, laico e gratuito. Levamos anos construíndo unha educación pública para asegurar a toda a cidadanía o disfrute do dereito á educación, coas condicións precisas e esixibles de calidade infraestructural e didáctica e de accesibilidade, pertinentes á construción dun Estado de dereito, un Estado social e democrático.

A través deste sistema educativo queremos contribuír á vertebración democrática da sociedade galega, impulsando unha cultura da participación social e comunitaria. Unha cultura nin reproductora nin lexitimadora dunha orde social inxusta, aberta, polo contrario, á unha formación integral, crítica e con capacidade e potencialidade para que todos podamos afrontar o noso desenvolvemento, personal e comunitario, en diálogo aberto co contorno cultural, científico e técnico no que vivimos.

E para isto precisamos escolas e centros públicos dotados dos precisos indicadores de calidade de todo tipo, implicados na conquista da liberdade, pero tamén da igualdade social, integradores da diversidade, belixerantes co fracaso escolar, antesala do fracaso social.

Queremos un horizonte de progreso social solidario e en galego. E queremos, así, un ensino galego e en galego, porque como dicía Ramón Cabanillas, a lingua é o noso escudo de identidade, chave da porta da nosa liberdade colectiva e facho que nos alumea.

Isto que demandamos con forza democrática, porque aquí estamos os que sempre acreditamos na democracia, lévanos a dicir que o ensino non pode ser un ben máis dos que se ofrecen no mercado, porque senon os que máis necesitan mellor educación estarían destinados, salvo azar venturoso, a máis deficitaria formación. E, Señor Conselleiro, isto sería indignante, porque é indignante para calquera conciencia democrática. Por isto son indignantes os recortes financeiros nos servizos públicos de educación, mentras un ano tras doutro continúan incrementándose os recursos económicos destinados ao ensino privado. Miles de millóns en crecemento galopante, mentras se negan recursos imprescindibles para aplicar a LOXSE no ensino público, para aplicar e desenvolver a rede de centros de Educación Secundaria Obligatoria, para garantir o adecuado funcionamento dos centros escolares, para a existencia debida de profesores especialistas.

Señor Conselleiro, ¿para quen deixamos a atención política e planificadora relativa ao desenvolvemento da educación infantil, cerne do posterior desenvolvemento igualitario?, ¿como cerrar os ollos diante de frecuentes incumprimentos das ratios por aula en centros privados?, ¿como non dotar de comedores escolares a moitos centros urbanos, conducindo así a moitas familias á escolarización dos seus fillos en centros educativos privados?, ¿que razón redistributiva e de xusticia leva a seguir alimentando o incremento das subveccións, mesmo non refrexadas legalmente?, e tantas e tantas outras preguntas e reivindicacións que poden apuntar as nais e pais, os profesores e profesoras, os estudantes e toda a cidadanía; preocupacións e reivindicacións que a modo de común denominador se conteñen na PLATAFORMA POLA DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO DE GALICIA, avalada por un amplo número de instancias e organizacións sociais e educativas e tamén por forzas políticas democráticas que aquí están, forzas en camiño de seren representativas da maioría social e democrática.

Señor Conselleiro, Señora Ministra, ¿por qué tentan poñer en cuarentena a educación e o ensino público?, ¿que segredas calidades ten o ensino privado?, ¿quen falou, máis alá da propaganda, da mellor calidade destes centros, cando os estudos técnicos permiten en cambio afirmar o contrario?, ¿alguén se esquecerá do significado do público e das responsabilidades da Administración Pública, de aquilo que é de todos e para todos?

Estamos aquí afirmando o que vivimos no día a día: a convicción sobre a calidade das nosas escolas públicas e do conxunto dos centros públicos de ensino, mais tamén a certeza sobre problemas que precisan de urxente resolución, afirmada na vontade política, para evitar un horizonte de deterioro dos logros adquiridos. Afirmamos os esforzos colectivos realizados polas numerosísimas comunidades educativas e queremos denunciar os despropósitos de quen teñen responsabilidades políticas claves.

Estamos aquí como poderemos estar noutros lugares. Civicamente, EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO DE GALICIA:

Gracias pola vosa xenerosa asistencia, Nazón de Breogán.
¡Adiante sempre!. Hai un facho de luz no horizonte.

nova escola galega 7

Polo dereito elemental a aprendermos en galego

17 de maio de 2002: Día das Letras

A escola continua a ser unha institución desgaleguizadora. O alumnado chega á escola falando galego en maior medida que o fai durante a súa estadia escolar e xa non digamos ao abandonar o sistema educativo. E así resulta cando menos paradoxal que é un dos peores de calquer sociedade –a institución escolar– estea a cumprir un papel contrario ao desenvolvemento pleno do noso idioma.

Cando van máis de 6 anos da publicación do Decreto 247/95 (que desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas diferentes niveis non universitarios) e 19 anos da Lei de Normalización Lingüística, que reconece o galego como lingua propia de Galiza, constatamos que, no ensino en xeral e no ensino Infantil en particular, nen sequer se garante o dereito de que os nenos e nenas de Galiza sexan escolarizados no idioma propio.

Preocupa-nos o escaso avance dos usos do noso idioma como lingua veicular no ensino. Todos os estudos, proveñan de onde pro-

veñan, confirman a grave perda de galego-falantes. Mentres o 85% das persoas maiores de 65 anos teñen como lingua habitual o galego, de 16 a 20 anos só chega ao 46% (nas cidades esta porcentaxe só acadou o 31%). Xusto as nenas e nenos escolarizados durante a vixencia da Lei de Normalización Lingüística son os únicos que non teñen como lingua maioritaria de uso o galego. Recentemente, un informe da Unesco vén corroborar o retroceso alarmante de galego-falantes que, de continuar esta tendencia, poría en perigo o seu futuro.

Apesar disto incumpren-se reiteradamente os aspectos máis positivos do Decreto 247/95. Calquer que sexa o nivel educativo, o incumprimento dos mínimos da lexislación sobrepasa o 65% (aínda respectados na súa totalidade non significarían máis de 1/3 das aulas en galego). En Educación Infantil, nos centros onde a lingua predominante é o galego, sómente se imparten as aulas en galego no 17%; no resto dos centros, a presenza do noso idioma é insignificante.

Estas constatacións respecto da lingua no ensino sinalan que a Xunta de Galiza está

Manifestación ás 12 na Alameda de Santiago de Compostela

Coa actuación do grupo Migallas

conculcando un dereito elemental do alumnado galego, como é o de ser escolarizado no propio idioma. Nen sequer se garante o dereito a recibir o ensino na nosa lingua a aquel alumnado que ten como lingua habitual o galego, contravindo a Carta Europea de Línguas Minoritarias –subscrita polo Goberno español–, a Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos, a Lei de Normalización Lingüística e o Decreto 247/95 de galeguización do ensino.

Por iso, perante tanta pasividade e incumprimento dos dereitos máis elementais das persoas e dos povos, entre os cales está o dereito a recibir educación en lingua propia, diriximo-nos ao Goberno da Xunta coa existencia de:

1. Que en cumprimento dun dereito fundamental, recollido no artigo 8 da Carta Europea das Línguas Minoritarias, no artigo 29, apartado 1 da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos e no artigo 1, apartado 4 do Decreto 247/95, se garanta o ensino en lingua galega na etapa de Educación Infantil e no 1º ciclo de Educación Primaria ao alumnado galego-

falante, sen prexuízo do contemplado a respecto do uso da lingua predominante entre o alumnado.

2. Que se tomen todas as medidas necesarias para dar cumprimento inmediato do Decreto 247/95 de galeguización do ensino e outras que fagan posíbel que a institución escolar se converta na máis firme valedora da recuperación de usos do idioma galego.

3. Que a Xunta de Galiza asuma e garanta a presenza real e viva da nosa lingua en todos os eidos, desde o ensino e a administración deica os medios de comunicación e o mundo da xustiza, pasando polo mundo da empresa e o traballo, o das novas tecnoloxías ou o da toponimia propia.

4. Que, de acordo con iso, a Xunta de Galiza acometa de xeito urxente a redacción dun Plano Xeral de Normalización Lingüística –no que participe activamente o conxunto da sociedade galega–, destinado á garantir a plena normalización de usos sociais do noso idioma.

Convocan:

A Mesa, AS-PG, BNG, CAE, CAF, CIG, Nova Escola Galega, SLG.

UNHA ESCOLA DA CIDADANÍA E DA DEMOCRACIA. DECLARACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA NO SEU VINTE ANIVERSARIO

A MEMORIA

Hai pouco máis de vinte anos que a sociedade galega comezaba a dar os seus primeiros pasos como nacionalidade histórica e Comunidade Autónoma cun estatuto de autonomía política que abría a porta á proxección e construción democrática da nosa sociedade, dende nós mesmos.

Naquel contexto, novos educadores e ensinantes galegos/as decidimos crear e poñer en marcha en 1983 o Movemento de Renovación Pedagóxica (MRP) NOVA ESCOLA GALEGA, tomando en conta a tradición pedagóxica europea, hispana e galega e tamén as nosas propias experiencias ensaiadas ao longo da anterior década.

Era a nosa proposta organizativa o intento de construír un espazo de debate, plural, de formación, de diálogo e de maduración de experiencias e de proxectos de intervención pedagóxica na realidade educativa de Galiza, coa consciencia e a vontade de querer ser laboriosos operarios intelectuais a prol de poderse dotar dun sistema educativo democrático, público, laico e galego; un instrumento fundamental para poder avanzar cara un modelo social cada vez máis democrático e solidario, á vez que libre. Un instrumento para construír unha sociedade reconciliada coa súa tradición cultural e lingüística, e por iso normalizada arredor da nosa lingua.

Naciamos para impulsar unha orientación de profunda renovación pedagóxica, atenta ao desenvolvemento integral das persoas, poñendo o acento, en particular, nas necesidades educativas e formativas das maiorías sociais, e en xeral de todas aquelas persoas con máis dificultades de accesibilidade e de uso do dereito a unha educación de calidade.

Na medida das nosas capacidades fomos dando contido intelectual ás anteriores preocupacións a través de distintos e laboriosos documentos, mediante os que perfilamos os nosos puntos de vista. Fixémolo tamén a través de encontros e de publicacións, onde fomos examinando e contrastando algunhas das prácticas pedagóxicas que dan corpo ás nosas propostas, patentizando e xerando significados visíbeis sobre o que é e pode ser hoxe unha nova escola galega.

Foi acontecendo isto nun tempo contradictorio; de esperanzas erguidas polos debates e propostas da Reforma educativa española, mais tamén de desilusións por comportamentos políticos e administrativos contrarios ao anterior, que se foron intensificando paulatinamente ata vir dar a posicións negadoras de anteriores propósitos enunciados. Foi acontecendo nun tempo no que nos sentimos acompañados por outros ensinantes galegos e do conxunto do Estado Español, incorporados tamén eles a outros Movementos de Renovación Pedagóxica, cos que compuñemos un valiosísimo tecido feito de coñecemento pedagóxico, de vontade de transformación social, de madurez humana e de algún sentido utópico preciso para abrir horizontes sociais.

Hai dez anos aprobabamos o Manifesto "*Que florezan cen escolas novas*" amosando o desexo de ser incitadores de renovación pedagóxica, para que esta se exprese en Galiza con creatividade e de múltiples formas, como manifestación de vitalidade social e educativa.

Aquel Manifesto sinalaba que non estabamos satisfeitos co presente (1993), a pesar dos froitos evidentes de nova educación existentes no país. Pero sostínamos que había un futuro por construír, poñendo alí de relevo as nosas propostas sobre o alcance e o significado da educación pública e institucional, e sobre os requirimentos da súa organización dende as perspectivas dunha sociedade democrática e galeguizada. Con tal consciencia marcabamos tarefas e manifestabamos a nosa vontade de seguir aportando a nosa contribución.

O PRESENTE INSATISFACTORIO

Hoxe, no ano 2003, ratificamos as posicións alí manifestadas e a nosa explícita vontade a prol da reforma educativa no contexto dinámico da reforma social.

O certo é que nos anos pasados non se camiñou na creación de tantas escolas novas como pediamos. O balance non é feliz. É a década da posta en marcha da Reforma, mais tamén da contrareforma. Posicións clasistas e conservadoras en primeiro lugar, e aínda tamén a vertixe do futuro, levaron a erguer o balado da Lei de Calidade na Educación, con máis manifestos atrancos que necesarias correccións para garantir o exercicio do dereito á educación.

Reduciuse notoriamente e de modo fáctico a capacidade de autonomía pedagóxica, curricular e organizativa no sistema educativo público, que debe ser o eixo vertebrador dos procesos educativos institucionais. Pola contra, incrementouse o poder decisorio no ensino dos sectores que preconizan a súa privatización. E así, estendeuse o discurso da calidade entendida como a xerarquización de

excelencias e de fortunas nunha sociedade socialmente desigualitaria. A isto veñen contribuír os itinerarios curriculares cando significan segregación e distribución do alumnado e non atención á diversidade.

En conexión co anterior atópase, por exemplo, a conduta da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria cando se distanciou da abordaxe educativa de todo o que o *Prestige* ou a guerra no Iraq concitaban nos centros educativos, desconsiderando as valiosas experiencias educativas de educación ambiental e de educación para a paz, suscitadas por estas realidades conflitivas.

Vivimos en tempos no que os ideais educativos e o proxecto de igualdade que permitiu alumar políticas educativas públicas activas están sendo contrarrestados e deslexitimados por poderosas correntes económicas e de opinión favorábeis á globalización neoliberal. O culto á tecnocracia, a obsesión pola "eficiencia", a concepción ahistórica da realidade e do coñecemento, a homoxeneización cultural, o relativismo axiolóxico, o militarismo, a fragmentación social insolidaria, ou o discurso cidadán-cliente resoan con poder mediático e mesmo con eco social, en contradición cos ideais educativos aos que nos referimos.

TAREFAS PARA HOXE E MAÑÁ

Educamos para unha sociedade laica, democrática, xusta, pacífica e respectuosa coas diversidades, ante o que debemos facer da educación un instrumento social favorecedor da mobilidade social equilibradora, debendo buscar puntos de encontro entre intereses e dereitos potencialmente en conflito. Isto implica unha política activa por parte das administracións públicas, favorecer a participación e a corresponsabilidade, revalorizar o traballo docente e o seu perfil educador, e mesmo a responsabilización educativa das familias.

Temos que afrontar dende o ensino a construción dunha identidade cultural e lingüística renovada, en tempos de globalización e de multiculturalismo. O noso ensino debería ser un dos axentes mobilizadores clave para a vitalidade da cultura e da lingua galega. Esta convicción debería levarnos a reabrir o debate sobre os contidos curriculares do noso sistema educativo. Precisamos un proxecto cultural suficientemente claro e definido; del derivarían unha nova e firme estratexia normalizadora da lingua e mesmo un proxecto educativo acorde coas nosas necesidades.


Non podemos perder de vista a centralidade do suxeito que aprende, coa súa individualidade e coa rede de relacións que o unen á familia e aos diversos ambientes sociais, culturais e territoriais. Tampouco podemos perder de vista que aprendizaxe e socialización, coñecemento reflexivo e emocións a educar, non son elementos a contraponer, senón un todo específico e significativo sobre o que hai que intervir pedagoxicamente.

UNHA ESCOLA GALEGA PARA O FUTURO

Neste vixésimo aniversario de NOVA ESCOLA GALEGA renovamos o noso compromiso a prol dunha escola galega aberta ao futuro, democrática e plenamente comprometida cos valores da paz, da democracia, os dereitos humanos e o desenvolvemento humano. Unha e mil novas escolas, que se comporten como comunidades de aprendizaxe comprometidas co seu medio social. Unha escola galega solidaria cos millóns de persoas que en todo o mundo aínda non teñen satisfeito o seu dereito á educación. Unha escola galega para vivir, crecer como persoas e sermos felices.

Co noso recoñecemento ao conxunto de institucións políticas autonómicas e locais, culturais e entidades sociais, así como aos medios de comunicación, pola súa colaboración ou mesmo apoio ás dinámicas de Nova Escola Galega.

Neste mes de San Martiño, sendo o día 22 de 2003 celebramos o Acto do XX Aniversario nas instalacións do Museo do Pobo Galego. Longa vida para eles e mais para nós



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

